



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en xuño de 2024

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xuño do ano 2024 acadou a cifra de 1.084.871 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de maio de 2024 de 7.579 afiliacións (0,70%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 21.392.889, rexistrando un incremento do 0,33% con respecto ao pasado mes de maio.


Na comparativa interanual (xuño de 2024 con xuño de 2023) obsérvase un aumento de 17.641 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,65%) e un aumento do 2,51% (522.949 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de maio de 2024, rexístrase un aumento das afiliacións en todas as comunidades autónomas, agás en Andalucía (-0,90%), La Rioja (-0,51%) e Murcia (-0,47%), destacando Illes Balears cun incremento do 3,11%. En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Madrid, Canarias e Illes Balears con taxas interanuais superiores ao 3,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2024	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	21.392.889	71.095	0,33	522.949	2,51
Galicia	1.084.871	7.579	0,70	17.641	1,65
Andalucía	3.427.666	-31.166	-0,90	71.408	2,13
Aragón	630.087	6.618	1,06	15.445	2,51
Asturias	387.106	2.514	0,65	6.908	1,82
Illes Balears	641.635	19.360	3,11	19.190	3,08
Canarias	910.547	433	0,05	31.151	3,54
Cantabria	234.006	2.202	0,95	2.765	1,20
Castilla La Mancha	792.256	10.967	1,40	10.683	1,37
Castilla y León	984.001	9.260	0,95	21.760	2,26
Cataluña	3.832.713	26.348	0,69	89.932	2,40
Comunitat Valenciana	2.158.225	6.879	0,32	58.337	2,78
Extremadura	419.030	5.104	1,23	3.689	0,89
Madrid	3.706.635	8.182	0,22	133.635	3,74
Murcia	665.441	-3.148	-0,47	15.202	2,34
Navarra	311.346	82	0,03	5.787	1,89
País Vasco	1.019.773	560	0,05	16.819	1,68
La Rioja	139.226	-719	-0,51	3.263	2,40
Ceuta e Melilla	48.326	39	0,08	-664	-1,35

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social subiu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,28%, seguida de Pontevedra (1,35%), Ourense (1,07%) e Lugo (0,74%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xuño con respecto ás do mes de maio, rexistrouse en Galicia un incremento do 0,70%. As catro provincias galegas presentan unha taxa de variación intermensual positiva: Pontevedra (1,02%), Lugo (0,75%), Ourense (0,60%) e A Coruña (0,46%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2024	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	471.538	2.151	0,46	10.528	2,28
LUGO	126.575	937	0,75	926	0,74
OURENSE	106.893	639	0,60	1.130	1,07
PONTEVEDRA	379.865	3.852	1,02	5.057	1,35
GALICIA	1.084.871	7.579	0,70	17.641	1,65
ESPAÑA	21.392.889	71.095	0,33	522.949	2,51


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 79,33% das afiliacións galegas en xuño de 2024, aumentaron un 0,87% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,31%. En España estas taxas foron do 0,34% con respecto a maio de 2024 e do 2,80% en relación ao mes de xuño de 2023. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (74,16%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,84%), Ourense (-1,36%) e A Coruña (-0,03%) amosan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,12%) presenta unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,41%. Para este réxime e con respecto ao mes de maio de 2024, suben as afiliacións en Pontevedra (0,28%) e A Coruña (0,05%), mentres que baixan en Lugo (-0,07%) e Ourense (-0,05%); resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do 0,10%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 1,05% e unha subida intermensual do 0,27%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xuño de 2023, baixan as afiliacións en Lugo (-6,62%), A Coruña (-6,23%) e Pontevedra (-4,03%). A taxa galega acaba entón o -4,84%, inferior á de España (-1,20%). Con respecto a maio de 2024, Lugo (-2,74%) e A Coruña (-0,96%) presentan unha taxa de variación intermensual negativa, mentres que Pontevedra (0,62%) amosa unta taxa de variación intermensual positiva. A taxa galega amosa un descenso do 0,07% con respecto a maio de 2024. A taxa nacional é do 2,75%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2024	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	471.538	0,46	2,28
LUGO	126.575	0,75	0,74
OURENSE	106.893	0,60	1,07
PONTEVEDRA	379.865	1,02	1,35
GALICIA	1.084.871	0,70	1,65
ESPAÑA	21.392.889	0,33	2,51
R. XERAL			
A CORUÑA	382.394	0,57	2,93
LUGO	93.869	1,07	1,75
OURENSE	84.497	0,78	1,73
PONTEVEDRA	299.865	1,21	1,86
GALICIA	860.624	0,87	2,31
ESPAÑA	17.940.339	0,34	2,80
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.065	0,05	-0,03
LUGO	31.344	-0,07	-1,84
OURENSE	22.396	-0,05	-1,36
PONTEVEDRA	67.895	0,28	0,12
GALICIA	205.699	0,10	-0,41
ESPAÑA	3.386.432	0,27	1,05
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.079	-0,96	-6,23
LUGO	1.363	-2,74	-6,62
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.106	0,62	-4,03
GALICIA	18.547	-0,07	-4,84
ESPAÑA	65.214	2,75	-1,20

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>